

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Club Basquet Coruña** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [coruna.es](http://coruna.es).

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación

### XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de outubro de 2018** e terá efectos retroactivos, xa que as actividades contempladas nel foron realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2017.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2018, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicararanse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario de 23 de marzo de 2018

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, P.D.  
O DEPUTADO DE DEPORTE E MOCIDADE

Asdo.: José García Liñares

O PRESIDENTE DO CLUB BASQUET CORUÑA

D. Juan Carlos Fernández Herrero

O SECRETARIO XERAL  
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo. José Luis Almu Supervía



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

SERVICIO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



Número 16 /2018

### CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CLUB BASQUET CORUÑA CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA CONCEDIDA PARA FINANCIAR A PARTICIPACIÓN NA COMPETICIÓN LEB OURO, NO ANO 2017

Na Coruña, a 5 de abril de 2018

#### REUNIDOS

D. José García Liñares, Deputado de Deporte e Mocidade, en virtude da Resolución da Presidencia número 2015/15671 e 2015/16642, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área.

D. Juan Carlos Fernández Herrero, Presidente do **Club Basquet Coruña**

#### MANIFESTAN

Que ámbalas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promociónen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento do deporte

Que o **Club Basquet Coruña** é unha entidade adicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o **Club Basquet Coruña** coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

#### CLÁUSULAS

##### I.- OBXECTO.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o **Club Basquet Coruña** (CIF:G15565054 ) para financiar a **participación na competición LEB Ouro, no ano 2017**

##### II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR POLA ENTIDADE BENEFICIARIA.

O **Club Basquet Coruña** desenvolveu as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, conxunto ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Gastos de participación en competición deportiva (Inscripcións, licenzas e mutuas)	44.252,20 €
Transportes , desprazamento e aloxamento	63.223,93 €
Direitos de arbitraje	33.309,19 €
Gastos de persoal (soldos e salarios)	313.283,83 €
Gastos de persoal (seguridade Social)	103.571,38 €
Gastos de persoal (gastos de contratación)	19.140,09 €
Teléfono, medicos, equipacions e outros servizos	15.832,23 €
Gastos xerais 13% sobre gastos da actividade	77.039,67 €
Total	669.652,52 €

##### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **125.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **18,67%**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificativo non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **18,67 %** da cantidade efectivamente xustificada.

**2.-** Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

**3.-** O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0612/341.1/481** na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

**4.-** A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o **Club Basquet Coruña** obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificativo.

**5.-** No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificativo, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

#### IV.- CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN.-

**1.-** O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministrados necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao **Club Basquet Coruña**.

De conformidade co establecido no artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, se autoriza ao **Club Basquet Coruña** para que poida concertar a execución total ou parcial das actividades obxecto da subvención con persoas socias da entidade, cando os servizos teñan que serlles encomendados pola súa especialización e idoneidade para o correcto desenvolvemento das actividades.

**2.-** Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000,00€, con carácter previo á contratación, o **Club Basquet Coruña** deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

**1.-** Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberá constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

**2.-** Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do **Club Basquet Coruña**

#### VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

A achega da Deputación seralle abonada ao **Club Basquet Coruña** unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, suscrita polo representante legal do **Club Basquet Coruña** xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto, que deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2017.
- No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

#### VII.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

**1.-** As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira rematan o 31 de decembro de 2017

**2.-** Unha vez rematadas as actividades, o **Club Basquet Coruña** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de outubro de 2018**.

**3.-** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento ao **Club Basquet Coruña** para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao **Club Basquet Coruña** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55ª.6ª das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

**4.-** O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Club Basquet Coruña** na documentación aportada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, ao **Club Basquet Coruña** terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### VIII.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL.

**1.-** O **Club Basquet Coruña** deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

**2.-** A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

#### IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

**1.-** O **Club Basquet Coruña** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

**2.-** Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

**3.-** Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o **Club Basquet Coruña** deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificativos e aos ingresos declarados con respecto desta subvención.

#### X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

**1.-** Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o **Club Basquet Coruña** poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

**2.-** Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o **Club Basquet Coruña** queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN.

**1.-** O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

**2.-** Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

**3.-** De conformidade co disposto na Base 56ª.6ª das de Execución do Orzamento da Deputación, o retraso na realización da actividade conlevará unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75,00€ se o retraso non excede de tres meses; se o retraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada co límite de 150,00€.

**4.-** Se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10% do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20% do importe da subvención outorgada, co límite de 400,00€, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30% do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

#### XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

**1.-** No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do **Club Basquet Coruña** serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.